

## ***Compostella dicitur. A cidade da Catedral. Santiago en 1211.*** Exposición

O luns 9 de xaneiro, abriuse ao público un dos edificios máis emblemáticos da Praza de Praterías “A casa do Cabido”, un edificio barroco que naceu como unha resposta do Cabido catedralicio para o peche polo lado sur da praza de Praterías.

A Casa do Cabido é un dos mellores exemplos do barroco compostelán, proxectado polo arquitecto Clemente Fernández Sarela, aparelador de Fernando de Casas. Construída no século XVIII, durante os anos 1755 e 1758 onde traballaron, además do arquitecto, algúns dos mellores canteiros, carpinteiros e ferreiros da cidade.

Estes traballos de rehabilitación que remataron hai uns días, enmárcanse no proxecto global de actuación cultural que o Consorcio da Cidade de Santiago, está a realizar na praza das Praterías, xunto coa remodelación do edificio do antigo Banco de España para o seu acondicionamento como sede principal do Museo das Peregrinacións e de Santiago.

Celebramos pois a súa apertura, despois de 11 meses de rehabilitación, cunha exposición multimedia que xirará arredor dunha produción audiovisual tridimensional e interactiva que traslade ao visitante á Compostela do século XIII, cando finalizaban as obras da catedral románica. Esta exposición leva por título “Compostella dicitur. A cidade da catedral. Santiago en 1211” e forma parte da programación extraordinaria que o Consorcio de Santiago, o concello e o Arcebispado de Santiago levan organizando arredor do 800 Aniversario da Catedral.

Esta exposición recrea a Compostela de 1211; quere ser unha mirada no tempo, dende o ano 830, aproximadamente, ata os inicios do século XIII. Nese tempo, a historia de Compostela estivera marcada pola evolución dun núcleo arredor do sepulcro atribuído a Santiago e polo cambio dun pequeno asentamento a unha cidade medieval que insire a Galicia no fenómeno urbano do Medioevo europeo. A gran culminación témola diante dos nosos ollos: a consagración da Catedral de Santiago no ano 1211.

Co obxecto de dar a coñecer este edificio e dinamizar os contidos desta exposición prevese a realización de visitas didácticas para grupos de escolares, asociacións e colectivos interesados da cidade.

### **HORARIO E DATAS DE CELEBRACIÓN PARA PÚBLICO EN XERAL:**

De martes a sábado de 10 a 14 e de 17 a 21 horas.

Do 10 de xaneiro ao 29 de febreiro de 2012

### **HORARIO E DATAS DE CELEBRACIÓN PARA VISITAS DIDÁCTICAS GUIADAS:**

De martes a sábado, de 10 a 14 e de 17 a 19 horas

Do 16 de xaneiro ao 29 de febreiro de 2012

### **RESERVAS PARA VISITAS GUIADAS:**

Departamento de Educación. Concello de Santiago de Compostela

[dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org)

Tel: 981 55 44 00 -981 55 44 01. Fax: 981 57 15 11

**DESTINATARIOS:** alumnado de primaria, secundaria, bacharelato, FP e outros grupos, asociacións e colectivos interesados.

**TAMAÑO MÁXIMO DOS GRUPOS:** grupo clase (máximo 30 alumnos/as).

**Máis información:** [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org) e [www.catedralsantiago800.com](http://www.catedralsantiago800.com)

## **A exposición Compostella dicitur recrea o Santiago do século XIII**

Compostella dicitur. A cidade da catedral é o nome da exposición que servirá para inaugurar o uso público da Casa do Cabido, un dos mellores edificios barrocos de Santiago. A exposición, relacionada co oitavo centenario da consagración da Catedral de Santiago, está ideada como unha viaxe ao ano 1211, ano da consagración da basílica xacobeá. A orixe do nome procede da bula do Papa Urbano II, de 1095, na que se decreta o traslado da sede episcopal dende Iria Flavia ata a cidade “chamada Compostela” (“Compostella dicitur”).

A exposición conta con dúas aplicacións interactivas que permiten recrear o aspecto da cidade en 1211. A primeira é un plano virtual a través da cal pódense coñecer os nomes das rúas, das fontes, das portas da muralla e das igrexas, así como as áreas nas que se asentaban os diferentes gremios. A outra é un paseo virtual que recrea os pasos que un peregrino tiña que dar nesa época dende a Porta do Camiño ata a súa entrada na catedral.

A mostra complétase cunha serie de paneis explicativos que permiten coñecer aspectos relacionados co aspecto urbano da Compostela medieval: as igrexas da cidade, a antiga muralla coas súas portas, os oficios e os gremios. Un apartado especial está dedicado ao abastecemento de auga, cuxo sistema aínda hoxe perdura nalgúns puntos da cidade.

Tamén conta cunha colección de reproducións de vistas e planos históricos de Santiago, así como a vista aérea de 2008, a través dos cales pódese comprobar como a fisonomía da cidade histórica permaneceu practicamente inmutable ao longo dos tempos.

A exposición respecta ao máximo estrutura do edificio recién rehabilitado, que, deste xeito, convértese nun aspecto máis da visita. A planta baixa, abovedada, da Casa do Cabido, acolle un resume, en imaxes, do proceso de rehabilitación ao que se someteu o edificio durante os últimos meses.

### **Planos históricos**

A visita vai permitir coñecer de primeira man moitos dos planos históricos da cidade, a través das súas reproducións. Son planos que se gardan nos arquivos municipais e da catedral e no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Destacan catro planos procedentes do Arquivo Xeral de Simancas, nos que se debuxa a antiga muralla e a vella arqueta de San Miguel, cisterna que recollía o principal canal de abastecemento de auga na cidade dende a época medieval ata ben entrado o século XVIII. Tamén se poden admirar dúas vistas de Santiago, de Pier Maria Baldi (1669) e Ramón Gil Rey (1837).



## 1211

Un longo camiño percorrérase dende o 830, máis ou menos, ata os inicios do século XIII. A senda estivera marcada pola evolución dun núcleo en torno ao sepulcro atribuído a Santiago e polo cambio dun pequeno asentamento a unha cidade medieval que insire a Galicia no fenómeno urbano do Medioevo europeo. A gran culminación témola ante os nosos ollos: a consagración da Catedral de Santiago no ano 1211.

**Exposición**  
COMPOSTELLA DICITUR  
A cidade da Catedral. Santiago en 1211

Casa do Cabido. Praza das Praterías. Santiago de Compostela

**Horario:**  
De martes a sábado: 10-14 h e 17-21 h



# COMPOSTELLA DICITUR

A cidade da catedral.  
Santiago en 1211

## HAI 800 ANOS

No século XIII, oito séculos atrás no tempo, Santiago de Compostela era xa un importante centro de peregrinación como hoxe o coñecemos, e gracias a iso o pequeno núcleo inicial evolucionara ata converterse nunha verdadeira cidade medieval de tamaño medio.

A súa poboación, de entre os catro e cinco mil habitantes, dedicábase ás máis diversas actividades; comerciantes e artesáns agrupábanse en gremios ou confrarías dos distintos oficios, como carpinteiros, ferreiros, zapateiros, forneiros, carniceros, taberneiros, albergueiros, cambiadores, concheiros, ourives ou tendeiros. Tamén existía unha pequena burguesía formada por profesionais como avogados, notarios, escribáns ou cirurxiáns. Estes grupos sociais case sempre se asentaban nas mesmas rúas, localizándose preto da Catedral aquelas de maior poder adquisitivo.

**800**  
anive  
RSARIO  
CATEDRAL de  
SANTIAGO

# COMPOSTELLA DICITUR

A cidade da catedral.  
Santiago en 1211

[www.catedralssantiago800.com](http://www.catedralssantiago800.com)

Organiza:



Colabora:



**Organiza:** Consorcio de Santiago · **Colabora:** Reale Seguros · **Comisario:** Juan Conde  
**Coordinación:** Jaime Mera · **Asesores históricos:** Simón Vicente / Xosé Sánchez



## O LOCUS

No século IX, cara á década dos 30, tivo lugar o descubrimento (en latín *inventio*) dos restos do Apóstolo Santiago e dos seus dous discípulos Teodoro e Atanasio. Un ermitán que se dedicaba á oración, de nome Paio, encontrara un sepulcro romano no bosque chamado Libredón, próximo á primitiva igrexa de San Fiz; seguindo as tradicións orais e literarias que afirmaban a chegada de Santiago ao Occidente peninsular, ao momento atribuíuse o enterramento ao Apóstolo. Segundo as crónicas, en pouco tempo o bispo de Iria, Teodomiro, veu rezar ante elas, e transmitiu ao rei asturiano Alfonso II, o *Casto*, a nova. O monarca vén a orar ante o sepulcro e ordena levantar unha primeira igrexa. Eran os inicios de Compostela.

Neste momento comezouse a delimitar, en torno ao que se chamaba *locus Sancti Iacobi*, un terreo cunha débil empalizada que protexía un núcleo urbano que estaba a nacer; esta foi a base da cidade.

## A PRIMEIRA CIDADE

Co tempo o pequeno centro foi albergando máis poboación, comezaron a chegar peregrinos, a multiplicarse as actividades económicas... e o *locus* converteuse en cidade; o mellor testemuño é a ampliación da muralla. O fráxil cerco foi mellorado no século X polo bispo Sisnando II, cun peche máis sólido; máis tarde, xa no século XI, o bispo Cresconio, ampliou o terreo e limitouno cunha muralla na que se abriron sete portas –*Francigena* ou do Camiño, *Penne* ou da Pena, *Subfratribus* ou de San Francisco, *Sancto Peregrino* ou da Trindade, *Faiariis* ou Faxeira, *Sussanis* ou da Mámoa e *Macerellis* ou Mazarelas–. Este novo cerco, a chamada "améndoa", pecha no seu interior unha área urbana de case trinta hectáreas de superficie que actualmente se pode distinguir e conforma o centro histórico da cidade.

Tras o *locus* aparece unha primeira armazón social organizada. É o que se chama *villa burguensis*, cos primeiros barrios e o que serán as futuras arterias da cidade ao trazarse algunhas das rúas e espazos públicos que ata hoxe perduran: o *Vallis Milvorum*, *Vicus Novus* e o *Vicus Francorum*, as actuais rúas do Vilar, Nova e Franco; un *forum* ou centro neuráxico de reunión, hoxe coñecido como Praza de Cervantes; *Ciquellum* ou Sequelo, o *Preconitorium*, actual rúa do Preguntoiro, Acibechería, a *Praza do Paraíso*... todas elas cun denominador común: conducir e desembocar na Catedral.



## 1095: DE IRIA A COMPOSTELA

Chegados ao final do século XI, a que xa se coñecía como Compostela, centro social e económico, obtería tamén a distinción relixiosa, sobre a base da importancia apostólica. No ano 1095 o papa Urbano II emite un documento polo que traslada a sede do bispado con todos os privilexios da veciña cidade de Iria a Compostela; é a chamada bula *Et decretorum sinodalium*:

*"Ut, sicut episcopatus cathedram predecessores uestri in urbe, que Hilia dicitur, habuerunt, ita perenne deinceps tempore in ea, que Compostella dicitur et ecclesiam continet, in qua beati Iacobi corpus requiescere creditur, habere debeatis".*

*"Ao igual que, así como a cátedra episcopal a tiveran os vosos predecesores na cidade, que é chamada Iria, así deberedes tela perpetuamente a continuación nesta, que é chamada Compostela e mantén unha igrexa na que se cre que descansa o corpo de Santiago".*



## XELMÍREZ

Pero foi o arcebispo Diego Xelmírez, bispo entre 1100 e 1140, o que deu o impulso definitivo á cidade medieval, ademais de conseguir a calidade arcebispal en 1120. As súas iniciativas foron innumerables e todas deixaron unha pegada que hoxe podemos ver: reconstruíu varias igrexas, impulsou as obras da catedral románica, levantou un novo pazo arcebispal e potenciou especialmente as conducións de auga cara ás fontes da cidade, como a do *Paradisus* –1122–. A subministración de auga foi unha das maiores preocupacións ao longo da historia de Compostela; xa en época de Sisnando I, cara a inicios do século X, se construíra un acueduto para conducir a auga dende o norte da cidade ata a arqueta de San Miguel. O arcebispo Xelmírez refixo este antigo acueduto, renovou o rexistro ou arqueta e, a través de conducións subterráneas

con tubos de madeira reforzados por abrazadeiras de ferro e pranchas de chumbo, distribuía a auga entre os diferentes edificios e fontes da cidade. Aínda hoxe en día quedan restos dese acueduto na parte norte da cidade, no barrio de Vite, coñecido como *Ponte Mantible*. Á parte da subministración de auga para a poboación, tamén debía canalizarse para abastecer o foso que rodeaba a muralla da cidade.

Algunhas destas obras pasaron á historia como grandes iniciativas urbanas. Fronte á porta norte da catedral, a do Paraíso –hoxe coñecida como Acibechería– había unha gran fonte, ou *fons mirabilis*, descrita no *Códice Calixtino* como "unha admirable fonte á que en todo o mundo non se lle atopa semellante".

## *Compostella dicitur. A cidade da Catedral. Santiago en 1211*

Visitas didácticas á exposición: do 16 de xaneiro ao 29 de febreiro de 2012

Horario: de 10 a 14 e de 17 a 19 horas (outros horarios, consultar  
disponibilidade)

Datas: de martes a sábado

### DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

NOME		ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL E LOCALIDADE	
CONCELLO	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	WEB	

### DATOS DO PROFESORADO PARTICIPANTE

NOME	APELIDOS	ESPECIALIDADE

### DATOS DO GRUPO DE ALUMNOS/AS

ETAPA EDUCATIVA	CURSO	NÚMERO DE ALUMNOS/AS (indicar número de escolares por grupo-clase)
-----------------	-------	--

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....

Santiago de Compostela, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012  
SOLICITANTE:

O/A

---

Enviar por correo, fax ou correo electrónico ao Departamento de Educación  
Praza do Obradoiro nº 1 – 15705 Santiago de Compostela  
Tfnos: 981 554 400 / 981 554 401. Fax: 981 571 511  
Correo electrónico: [dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org)

## *Compostella dicitur. A cidade da Catedral. Santiago en 1211*

Visitas didácticas á exposición: do 16 de xaneiro ao 29 de febreiro de 2012

Horario: de 10 a 14 e de 17 a 19 horas (outros horarios, consultar  
disponibilidade)

Datas: de martes a sábado

### DATOS IDENTIFICATIVOS DA ASOCIACIÓN, GRUPO OU COLECTIVO SOLICITANTE

NOME		ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL E LOCALIDADE	
CONCELLO	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	WEB	

### DATOS DO SOLICITANTE

NOME	APELIDOS	CARGO

### DATOS DO GRUPO INTERESADO

ETAPA EDUCATIVA	CURSO	NÚMERO DE PERSOAS

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....

Santiago de Compostela, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012  
SOLICITANTE:

O/A

---

Enviar por correo, fax ou correo electrónico ao Departamento de Educación  
Praza do Obradoiro nº 1 – 15705 Santiago de Compostela  
Tfños: 981 554 400 / 981 554 401. Fax: 981 571 511  
Correo electrónico: [dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org)